

En colaboración co Basque Culinary Center

## **'FAMILIA CHEF', UNHA NOVA INICIATIVA DE EROSKI PARA APRENDER A COCIÑAR EN FAMILIA**

- Trátase dun curso dixital de cociña dirixido ás familias que inclúe teoría e práctica para aprender a se alimentar de xeito equilibrado e en familia
- A iniciativa enmárcase no compromiso de EROSKI coa formación e información para mellorar o benestar dos consumidores

Elorrio, 30 de outubro do 2020.- [EROSKI](#) pon en marcha "Familia Chef", un proxecto de aprendizaxe dirixido ás familias e orientado a promover unha alimentación equilibrada e en familia

Como cooperativa de consumo que sempre destacou pola súa actividade na formación e información ao consumidor, EROSKI continúa coa súa aposta de pór ao servizo dos consumidores ferramentas que os axuden a desenvolveren hábitos de alimentación saudables. Concretamente, a nova iniciativa "Familia Chef" consiste nun curso de cociña dixital e gratuíto ao que as socias e socios de EROSKI Club poden acceder a través da web. Consta de diferentes módulos que inclúen unha parte teórica, exercicios prácticos, receitas, etc. Neles trátase dende a historia da gastronomía á aprendizaxe de conceptos básicos como procesos, enxoval, técnicas, empratado... que despois hai que poñer en práctica a través de variadas videoreceitas.

*"Esta pandemia e, sobre todo, o tempo que botamos na casa, consolidou algúns comportamentos dixitais e introduciu novos hábitos. Aínda que algúns deles sexan conxunturais, outros viñeron para quedar", explica Ainhoa Oyarbide, directora de Comunicación e Marca de EROSKI, facendo alusión ao sentido dun programa como Familia Chef. "A canle dixital vai ser pola que vai optar a maioría das familias, ben sexa para consumir información, formación, entretemento ou experiencias", reconece Oyarbide.*

Para deseñar este proxecto de aprendizaxe, EROSKI contou coa colaboración do [Basque Culinary Center](#) (BCC). Consiste en propostas sinxelas que así que se van superando niveis aumentan a súa dificultade. Quen complete o curso poderá participar no concurso final, no que os participantes teñen a oportunidade de demostraren o aprendido. Para iso, deberán escribir unha receita nova inspirada na súa familia. Despois, gravarán a receita nun vídeo no que deben explicar a orixe do prato, os pasos que cómpre seguir, os produtos e os utensilios utilizados. Para

---

### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA**

#### **CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

rematar, subirán o vídeo á web. Un xurado formado por membros do BCC e de EROSKI será o encargado de elixir os gañadores seguindo unha serie de criterios de valoración que van dende o nivel de innovación da receita á calidade e o equilibrio da proposta culinaria, as técnicas empregadas, a utilización de produtos locais e de tempada, a dedicación dos nenos e nenas no prato, a presentación ou o nivel de traballo en equipo, entre outros.

Esta nova iniciativa enmárcase dentro dos [compromisos pola Saúde e a Sustentabilidade](#) de EROSKI nas súas referencias á promoción dunha alimentación equilibrada, prevención da obesidade infantil, e impulso dun estilo de vida saudable.

---

**EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA  
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)